

Vivir a música. Un concerto para bebés

Neste artigo nárrese unha experiencia arredor da música, promovida e organizada pola Fundación Preescolar na Casa, en colaboración co Conservatorio de Música de Monforte de Lemos. A actividade levouse a cabo en xuño do 2007, aproveitando os recursos que ofrece o contorno. As familias, como é habitual en todas as accións deste colectivo, xogaron un papel fundamental para lograr o éxito da iniciativa.

Ana Isabel Santiso Gómez
M.ª Sara Paz Combarro

Orientadoras de Preescolar na Casa
apedagoxica@preescolarnacasa.org

A Fundación Preescolar na Casa pretende apoiar as familias, como principais educadoras, no período que comprende a educación infantil. Trátase de organizar e buscar espazos de encontro no que pais, nais, nenas e nenos, xunto cun orientador, gocen dun tempo xuntos. Nestes encontros xorden posibilidades de aprender para os nenos e as familias, ao tempo que se valora a transcendencia educativa da actividade cotiá. Por outra banda, temos a oportunidade de reflexionar sobre as súas actitudes educativas e de comprender mellor o comportamento dos máis pequenos. As familias, pola súa parte, descubren outras formas de relacionarse cos fillos e gañan seguridade como educadores.

Hoxe, despois de 30 anos de andaina, podemos afirmar que investir en programas de apoio ás familias, sobre todo nos primeiros anos da vida, é unha medida eficaz para conseguir sociedades máis saudables física e emocionalmente, o que constitúe unha forma de promover a prevención de futuras dificultades de desenvolvemento e aprendizaxe.

Pero ademais disto, a Fundación Preescolar na Casa pretende concienciar a sociedade do seu papel educador. Reivindicamos o dereito da poboación infantil, dos nenos e nenas de 0 a 6 anos, a ter presenza e protagonismo nos espazos culturais, sociais e educativos que se organizan nas cidades e nas zonas rurais, e nos que case sempre se esquecen.



A música creou un ambiente de escoita e pracer entre os máis pequenos

Un proxecto arredor da música

En todas as reunións de Preescolar na Casa están presentes as cantigas: cantar xuntos é unha ledicia. Cantamos por cantar e, ao mesmo tempo, estamos rescatando e valorando as nosas raíces, a nosa cultura. As cantigas axúdannos a acougar, a identificar as partes do corpo, a coordinar movementos e a seguir o ritmo. Tratamos de que as familias sexan conscientes da importancia da linguaxe musical no desenvolvemento global da persoa, e que descubran o seu papel para axudar os nenos a desenvolver a sensibilidade auditiva e a gozar cos sons e a música, escoitando, interpretando e creando.

No curso 2006/07, pretendeuse dar un paso máis no achegamento da música á familia, concretamente da música clásica, pouco apreciada e valorada pola poboación, en xeral. Nese intento de achega, entre a formalidade e a informalidade, fomos concretando aspectos organizativos:

- músicos en directo: mestres e alumnos do conservatorio
- locais especialmente vinculados coa actividade musical
- sesións breves (30 minutos)
- prever e respectar a mobilidade dos nenos
- facilitar o contacto directo cos

músicos e cos instrumentos.

Con esta idea, achegámonos ata o Conservatorio Municipal Mestre Ibáñez de Monforte de Lemos. Alí explicámoslles que non se trata dunha actividade académica formal, senón de desenvolver un concerto de música clásica, diferente ao habitual. Queremos un concerto de música clásica para bebés, no que se manifeste o poder engaiolante da música e algo ben comprobable: que música e nenos forman un tándem marabilloso. E aceptaron!!

A partir dese momento comeza o verdadeiro reto: como se materializa todo para que a actividade esperte o interese das familias por asistir cos seus bebés

Música que engaiola

Fran é un bebé de 15 meses que vén con súa nai dende Vilareme, O Saviñao, ata Monforte de Lemos para asistir por primeira vez a un concerto de música clásica.

Comeza o concerto, no escenario aparece un trío de clarinetes que interpreta o Divertimento n.º 2 de Mozart. Sorpresa na sala, algún choro dos máis pequenos, pero cando xa imos pola terceira peza, un dúo de lira e piano de Debussy, a timidez dos nenos desaparece. O piano, ese instrumento que para algúns é familiar porque é un xoguete habitual nestas primeiras idades, convidaos a investigar, a probar se eles tamén poden “facer música” canda a instrumentista.

Cando xa todos pensabamos que ningún outro instrumento ía ter tanto “éxito” entre o auditorio coma o piano, aparece no escenario o trombón de varas para interpretar, acompañado da pianista, un Divertimento de Haydn.

Fran, que ata entón se limitara a aplaudir, bailar e moverse ao son da música, debeu ver algo fascinante neste instrumento, porque sen pensalo dúas veces, encarouse co músico e erguendo os seus brazos, insistía en probar el tamén aquel cativador ritmo de ir e vir de brazos e varas nun exercicio acrobático que o tiña engaiolado.

A súa insistencia tivo recompensa. Cando remata a peza, o comprensivo intérprete deixoulle explorar aquel instrumento enfeitizador e Fran, cun enorme sorriso na cara, retornou ao colo de súa nai.

menores de 18 meses a un concerto de música clásica.

Foron necesarias varias reunións entre o persoal docente do conservatorio e a orientadora de Preescolar na Casa para precisar: local, cabida, data de celebración e repertorio. Tamén se fixo imprescindible o contacto directo con outras institucións implicadas. Ao tratarse dun conservatorio municipal, dependente da Delegación de Cultura do concello, todos estes pasos foron supervisados e informouse ao responsable correspondente. Obtivemos o seu Visto e Prace e colaboración, non só na organización, senón tamén no patrocinio e na elaboración de carteis e dípticos.

Un concerto para bebés

E chega o día sinalado, o 29 de marzo do 2007, ás 18 horas: nerviosismo entre os organizadores e os músicos, expectativa por parte das familias e reacción dos nenos.

Dende Preescolar na Casa recíbense e dáselles a benvida ás familias, coméntanse algúns aspectos relacionados coa importancia da música e dítanse algunhas instrucións relativas ao desenvolvemento da actividade: como actuar se algún neno chora, se quere moverse.

Rebumbio na sala... De súpeto, a música comeza a soar. Os nenos reaccionan dun xeito diferente segundo a idade. Os máis pequenos, dun a catro meses, comezan a chorar ante a sorpresa e a repentina irrupción da música; buscan a mirada tranquilizadora dos seus pais e, pouco a pouco, o relax e a calma vanse restablecendo. Os máis grandíños, dun ano en diante, que xa teñen autonomía para moverse sós, senten

curiosidade polos instrumentos e os micrófonos. Achéganse aos músicos, tócanlles, intentan agarrar os instrumentos, as partituras... Coas pezas máis rítmicas, bailan e aplauden satisfeitos.... O concerto está a ser un éxito de participación e goce!

Valoración da experiencia

Finaliza a actividade e chega o momento de facer balance con todos os participantes:

- As familias comentan que lles gustou moito participar nesta experiencia, pola escoita e o desfrute dos nenos: a súa atención, a tranquilidade, a curiosidade dalgúns polos instrumentos, a sorpresa ao escoitar determinados sons...
- Os músicos e responsables do conservatorio manifestan a súa sorpresa pola resposta dos nenos... é o interesante de empezar tan cedo a motivar os nenos pola música.
- Os responsables políticos do concello que asistiron a tan singular concerto, amósanse abraiados. Non agardaban que nenos tan pequenos fosen quen de concentrarse e gozar dunha experiencia tan inusual e comentan que hai que repetila.
- As orientadoras de Preescolar na Casa: ledicia pola numerosa participación, pola atención, e pola actitude dos adultos para contribuír a que todo saíse ben.

Posteriormente, con máis calma, realízase unha valoración da actividade. Póñense na balanza esforzos e resultados e, aínda que se recollen aspectos que se deben mellorar, como buscar unha maior interacción entre músicos e nenos



Adultos e nenos participan en actividades, gozan xuntos e estreitan lazos

durante o concerto, procurando máis mobilidade para os primeiros e máis espazo de investigación para os segundos, conclúese que valeu a pena. Constituíu unha boa forma de colaborar e de aproveitar diferentes recursos existentes na comunidade, de reivindicar actividades de lecer dirixidas a toda a familia, de incorporar a pequena infancia ás actividades e espazos tradicionalmente dedicados aos maiores e, fundamentalmente, polo goce conxunto de nenos e adultos coa música clásica, como a mellor maneira para divulgala.

E un punto final, ou mellor, un punto e seguido. A música educa. A música afina a sensibilidade. A música crea complicidade entre pais, nais e fillos nos primeiros anos.

Un programa de apoio ás familias

Preescolar na Casa- Educar en Familia créase no ano 1977 e na actualidade desenvólvese no 83% dos concellos de Galicia. Ten como obxectivo apoiar as familias para que se recoñezan como educadoras, se sintan capaces e seguras, e consigan perder os seus medos.

A través de distintos medios de comunicación (televisión, radio, revista) e de espazos de encontro, nos que se xuntan familias con nenos de 0 a 3 anos cun profesional, trata de:

- Incidir nas crenzas, experiencias, ideas e intencións da familia sobre a educación e o desenvolvemento dos rapaces, de modo que poidan recoñecer as súas necesidades e responderlles no só sensitivamente (con alegría e cariño), senón tamén cognitivamente (facendo preguntas, animando e acompañando na busca).
- Dar sentido ao que o neno está facendo.
- Ofrecer modelos de actuación.
- Crear situacións nas que adultos e nenos participan en actividades, amplían estratexias e recursos, comparten tempo, gozan xuntos e estreitan lazos.